

Recensións

ALONSO MONTERO, Xesús (2009): *Ramón Piñeiro ou a reinvenção da cultura galega*. Vigo: Galaxia, 453 pp.

La mayoría de los lectores recuerdan que Ramón Piñeiro fue la figura del Día de las Letras Gallegas del año pasado y que se publicaron diversos estudios y biografías sobre él. En este sentido no podía faltar el estudio del profesor Alonso Montero. Lo primero que nos llama la atención es el título. El propio Alonso Montero despeja la incógnita y descubre al lector a un personaje fascinante que dedicó su vida a Galicia y a la cultura gallega.

La semblanza que Alonso Montero nos transmite de Ramón Piñeiro es especial porque esa entrega a Galicia se hace desde una visión de futuro. Es decir, después del 36 no se podía esperar mucho, la literatura gallega podía aspirar a tener un papel secundario propio de un idioma subalterno, que no tenía derecho a la Cultura (p.11). Pero Ramón Piñeiro, según Alonso Montero, sabía “ben que a continuidade só tiña sentido –sentido de salvación– se se facía con criterios de ambición cultural e modernidade, os únicos, por outra parte, que podían interesar e, mesmo, comprometer ós novos de postulados esixentes” (p. 11). Por ello Ramón Piñeiro hizo de Galicia, de la cultura gallega, su proyecto de vida.

Yo diría que Alonso Montero, desde su erudición y vivencias, hace que este libro sea un libro peculiar, en el que el apasionamiento y el agradecimiento no restan objetividad y rigor al estudio. Ramón Piñeiro reinventa la cultura gallega, fue el gran estratega de esa batalla, pero eso no quiere decir que fuera perfecto. Alonso Montero también habla de las equivocaciones, de esos fallos que todo ser humano tiene y que, sólo con el paso del tiempo, podemos entender; pero para mí lo más atractivo es la faceta de ese Piñeiro que se hace así mismo para conseguir su meta.

La lectura del libro es apasionante porque Alonso Montero consigue llevarnos de la mano hacia la historia de Piñeiro descubriéndonos el proyecto cultural gallego que tan finamente diseñó. En mi lectura, con todos los datos que nos aporta Alonso Montero, me imaginaba a Piñeiro –delante del tablero de ajedrez–, perfilando las posiciones de sus piezas para ganar su batalla: conseguir que Galicia tuviera un lugar digno en la cultura univer-

sal. Una batalla difícil, a la que Piñeiro dedicó toda su vida, pero que –como vemos en la correspondencia que nos aporta Alonso Montero– al final ganó y consiguió su reconocimiento. Podría ir capítulo por capítulo destacando lo más significativo de los mismos, pero en este caso prefiero que el lector vaya al estudio que tan delicadamente y con tanto cariño ha realizado el profesor Alonso Montero para descubrirnos al reinventor de la cultura gallega: Ramón Piñeiro, a quien Galicia no podrá olvidar.

Desde mi perspectiva es un libro de lectura obligada para comprender la Galicia actual. Por lo tanto, nuestro agradecimiento al profesor Alonso Montero y a la editorial Galaxia por abrirnos otra puerta hacia Galicia.

Carmen MEJÍA

ARAGUAS, Vicente (2010): *Xuvia-Neda*. Vigo, Xerais, 126 pp.

Hai portadas que anticipan o que imos atopar dentro dun libro. Imaxes que non pretenden agochar, velar con artificios, ou fabricar un pórtico de misterio que esixa unha certa dose de atrevemento no lector. Pero aquí non, aquí a realidade está no primeiro plano. Anticipase nesa simboloxía cotiá, descarnada, espida de todo carácter esteticista, sen máis sentido poético que o que brinda a realidade latexante, un prosaísmo vital que, ben tratado, adoita converterse na única lírica que nos salva.

Se tamén botamos unha ollada á contraportada atopamos un neno que nos mira cunha limpeza que está por riba dos disfraces, mais non hai temor, é firme a man que sostén a pistola. Unha nova clave, a infancia, máis como reivindicación que como regreso nostálgico e melindroso.

Quixen coñecer algo sobre o autor e vexo en Google e nas enciclopedias que é o terceiro libro seu de narrativa, e o terceiro que leva o nome de Xuvia en portada. Co que xa temos máis pistas, máis datos para abordar a obra. Imaxinamos o esquema infancia-viaxes-regreso. E se analizamos brevemente as datas comprobamos que *Xuvia* é do ano 1984, só seis anos despois de iniciada a súa carreira con *Paisaxe de Glasgow* en 1978. E até

transcorridos vinte e catro anos non volve o topónimo natal á portada con *Xuvia revisitada*. Porén, dous anos máis tarde, neste 2010 temos *Xuvia-Neda* diante dos ollos. No caso de *Xuvia*, pensamos que era unha afirmación xuvenil, un querer marcar un punto de partida, sinalar a orixe, iniciar a creación dun espazo, dun territorio mítico, unha necesidade que xorde nos grandes escritores e escritoras. Estas dúas inclusións recentes consideramos que supoñen unha confirmación do que aquel mozo de trinta e catro anos quería expresar, a certeza de que aquel era o lugar máis fértil, a pesar de tantas viaxes, de tantas persoas, amores e desenganos. A modo de confesión non explícita, Vicente Araguas parece comunicarnos, cando xa os sesenta anos se albiscan, que todo o que sucede no mundo é o que sucede diante da túa casa. Non existe nada fóra, ou, polo menos, nada diferente.

Hai lectoras e lectores que gustan de encetar os libros sen ningunha idea previa, inocentes, sen influencias contaminadoras. Eu non. Penso que a inocencia non existe, pois, por mínima que sexa, sempre hai unha información inicial, unha intuición ou, xusto é recoñecelo, algún prexuízo. De xeito que xa que é imposible a pureza, xoguemos a adiviñar, a investigar, a imaxinar e contrastemos as nosas suposicións coa realidade da lectura. É escusado dicir que a honestidade debe ser máxima.

Ben, e unha vez lido este feixe de relatos, debo manifestar antes de nada, que o perigo de que as sospeitas se apoderasen da impresión verdadeira quedan absolutamente derrotadas. A lectura impón o seu ritmo, o seu poder de atracción e convencemento soborda os límites de calquera presentimento. E iso, como lectora e como crítica, é o que me resulta máis satisfactorio, a sensación de que o autor foi quen de vencer a posibilidade de decepción que existe en toda obra que se somete a xuízo.

Compoñen a obra vinte e oito relatos con diferentes tempos, ritmos, protagonistas, lugares, técnica. Vinte e oito olladas ás que Araguas nos convida. Vinte e oito narracións de linguaxe precisa, áxil e poética, sen caer no narcisismo estilístico que cometen algúns poetas que, ocasionalmente, narran. Non sucede, entre outras cousas porque quen asina o libro está afeito á prosa xornalística na que o abuso preciosista non se soporta. Aínda así non renuncia a achados ben fermosos como cando nos di “e agora os limparabrisas son dúas batutas dunha orquestra pantasma.”

Estas historias compoñen unha narración global feita de testemuños, de crónicas, de diarios que compoñen un mosaico total. Unhas memorias con personaxes interpostos e interpostas que transitan dende a infancia á madurez. Personaxes inventados ou reais, xa sexan populares no ámbito de referencia do autor, ou o que comunmente denominamos famosos, Milans del Bosch, Allen Ginsberg —aludido indirectamente—, Massiel, Marcelino ou Antonio Machín. E un fondo musical amplo e de xuntanzas extremas, Jorge Cafrune, Andrés do Barro, Debussy, Sara Montiel, The Beatles, estes últimos na súa versión orixinal ou no que podemos con-

siderar un precedente das copias pirateadas, translacións espurias nas que o nome dos executantes aparecía minimizado por unha tipografía raquítica, no caso que comentamos, Torero Band.

Toda aproximación literaria a unha paisaxe supón unha interpretación, unha saída da realidade, unha mitificación. Asemade unha perpetuidade, unha ollada condicionante de achegamentos alleos ou futuros. E nós cremos que con este libro Neda e Xuvia —máis a segunda— adquiren unha sorte de denominación de orixe literaria que amplía as xa existentes en Galicia, O Courel de Novoneyra, A Terra Chá de Manuel María, o Ourense de Blanco Amor, o Mondoñedo de Cunqueiro ou o Bastabales no que resoa a memoria eterna de Rosalía.

Constanza CHARLÍN

BARREIRO, H. (2008): *Recordar doe. Lembranzas escolares e universitarias (1940-1965)*. Vigo, Xerais, 239 pp.

“Catro tempos e a esperanza”, modificando o título de María Victoria Villaverde, é o que nos presenta Herminio Barreiro no libro *Recordar doe*: o tempo da primeira escola na montaña (Meilide, Cerdedo) [1940-1946]; o tempo do ensino medio no mar (Raxó, Cambados, Sisán) [1947-1955]; a experiencia normalista en Pontevedra [1954-1957]; e o tempo da ruptura universitaria en Madrid [1958-1965].

A escrita autobiográfica destas lembranzas escolares e universitarias permite que nos situemos diante da traxectoria vital de H. Barreiro, das súas experiencias que son reflexo dunha época trágica (co recordo do pai na cadea), sen mestres (ou con mestres gratuítos como Santiago Montero Díaz) e sen guieiros.

Recordar doe é un libro de imprescindible lectura pola historia de vida que se nos mostra, polo valor da literatura memorialística, “vivísima e profundamente revolucionaria” (p. 15). Nunha sociedade memorocida coma a actual, “a experiencia persoal propia é quizais a mellor maneira que eu podo ofrecer para coñecer por dentro” (p. 25).

Herminio Barreiro non só escribe unha historia de vida, el revive —e fainos revivir— uns tempos duros e difíciles nos que algunha escola

pugnaba e pelexaba, contra vento e marea, por alfabetizar ao máximo aquel contexto socioeconómica-mente deprimido, politicamente derrotado por unha guerra civil criminal e culturalmente humillado pola persecución sistemática da lingua propia, da lingua galega. (p. 45)

Pero estas lembranzas escolares e universitarias son profundamente poéticas. Reproducimos dous fragmentos referidos a Cerdedo e ao mar:

¡Camiños, carreiros, congostras, corredoiras, prados, vales, pontes, ríos, riachos, montes inesquecibles de Meilide! ¡Lugares de Portocelo, A Toxa, o Monte, o Campo, as Raposeiras! ¡Cavenca, Revolta, camiños de Cerdedo e arredores! (p. 28)

E o mar. O mar como asombro, compañía algareira e alborotadora, son pletórico de resonancias planetarias. Mar Atlántico poucas veces manso. Mar bramante. Mar gris. Mar verde-xeo. Mar branco. Mar de ouro de Sinás e a Maceiriña. Mar de prata e consola en Pampaído. Mar cambiante a cada hora. Mar alegre, lóbrego, soñador. Mar imposible do inverno. Mar apenas existente de verán. Mar cálido e outonizo. Mar intensamente azul de abril. Mar republicano, durante tantos anos entristecido... (p. 24)

En todas as páxinas H. Barreiro vai salvando a memoria propia e mais a allea do esquecemento. Estas son algunhas voces de Cerdedo rescatadas do silencio:

Antonio, José, Josefina, Enriquño, que me convidaron un día á súa casa a comer patacas fritas. Non puiden ir e Enriquño dicíame despois: “Como non viñeche xantar, as patacas fritas comémolas nós...” Eran todos orfos. Acórdome da morte do seu pai, alí, na súa casa, de corpo presente, con traxe e zapatos novos. (p. 29)

Darlles voz aos sen voz en Galicia é tamén devolvér-llela aos que están no resto do mundo. Por iso H. Barreiro se preocupa polo que ocorre en Latinoamérica, nos países de linguas indíxenas “até agora mesmo sen voz e sen alfabetización.” (p. 45). Outras voces recuperadas son as da periferia madrileña no “Madrid do Pozo do Tío Raimundo, con Cribeiro filmando todo aquilo (...), con Reimundo Patiño bramando de indignación diante de tanta inxustiza” (p. 173).

Recordar doe é unha narrativa da dor, pero tamén da resistencia porque nos ofrece a posibilidade de atender o “nós” e o “outro” oculto baixo o esquecemento e porque nos anima a “actuar e decidir como se todo puidese ser salvado” (p. 124), aínda que cada día haxa máis razóns para o pesimismo.

Hoxe, que habitamos nun mundo tan incerto no que o tempo se concibe a través das metáforas do diñeiro (Lakoff/Johnson), cómpre recordar especialmente o tempo “gañado” cos outros, por exemplo aquel que H. Barreiro compartiu cos Brais Pinto hai máis de cincuenta anos.

Ana ACUÑA TRABAZO

BLANCO GARCÍA, Carmen (2010): *Uxío Novoneyra*. Edicións A Nosa Terra, 102 pp.

El libro, como su nombre indica, nos cuenta la vida del escritor gallego Uxío Novoneyra, autor al que se le

dedica el Día de las Letras Gallegas este año. La autora hace un recorrido tanto del desarrollo vital como del desarrollo artístico del autor lucense. A todo ello se suman una gran cantidad de fotos del autor tanto con su familia como con sus amistades literarias, como Manuel María, Ramón Piñeiro o Luis Seoane, e incluso recitando sus propios poemas. Y también hay ilustraciones de poemas manuscritos. Se convierten las ilustraciones en parte imprescindible del libro, no sólo en un añadido, sino en parte esencial que ayuda a entender la vida y obra del autor. Es decir, la presentación está hecha con esmero.

En la primera parte del libro la autora hace un rápido recorrido sobre lo que será el libro. Nos cuenta que el personaje nace en la Sierra del Courel lucense, en una familia labrega acomodada. Luego se trasladó a Lugo para estudiar bachillerato, después a Madrid para estudiar Filosofía y Letras, donde escribirá algunos poemas en castellano. Vuelve a Galicia para hacer el servicio militar, con estancias en Santiago, Coruña y Lugo. En Santiago conocerá a Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro y Carlos Maside, que influirán en su obra, y que lo motivarán a escribir en gallego.

De 1953 a 1962 permanece en Courel para curarse de una pleuresía, tiempo en que escribe *Os eidos* (Galaxia, Vigo, 1955). En estos tiempos va teniendo actividades galleguistas. De 1962 a 1966 vive en Madrid otra vez, donde asiste a tertulias como la del Café Gijón, y se relaciona con miembros del grupo Brais Pinto, como Méndez Ferrín o Ramón Lorenzo. Aquí escribe “Elegías de Madrid”.

En 1966 retorna a Courel, y ya se quedará a vivir en Galicia. En 1968 conoce a Elba Rey con la que se casa cinco años más tarde. En 1974 publica *Os eidos 2* (Galaxia, Vigo, 1974), conjunto de poemas escritos entre 1954 y 1957 y otros más recientes. En 1979 publica *Poemas caligráficos* (Brais Pinto, Madrid, 1979). Por esta etapa marcada por su preocupación política traduce al gallego poemas de Mao Zedong. En estos mismos tiempos la crítica ya le considera un clásico, como prueban diversos estudios, como el conocido libro de Méndez Ferrín que escoge su nombre para el título del libro *De Pondal a Novoneyra*, en el que el autor hace un recorrido por la poesía gallega. En 1983 se afincan en Santiago donde preside la Asociación de Escritores en Lingua Galega desde 1982 a 1999. En esta época reagrupa temáticamente su obra completa y publica *Muller para lonxe* (Deputación de Lugo, Lugo, 1986), y después en *Do Courel a Compostela 1956-1986* (Sotelo Blanco, Barcelona, 1988) recoge sus poemas de temática política, donde aparecen poemas como “Pranto polo Che” y “Vietnam canto”. En estos tiempos se publica una edición bilingüe gallego-vascúncense de *Os eidos I e II* (Pemiela, Pamplona, 1988).

En los años noventa hay una nueva contribución creativa de Uxío, con dos publicaciones de literatura infantil *O cubil do xabarín* (Edelvives, Zaragoza, 1991) y *Gorgorín e Cabezón* (Edelvives, Zaragoza, 1992). En 1991

publica su última entrega poética individual, *Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* (Espiral Maior, Coruña, 1994). En 1995 poemario de temática compostelana y autoría colectiva *Camelio Xaponés* (Consortio da Cidade de Santiago, Santiago de Compostela) con edición bilingüe gallego-japonés de poemas japoneses de Ayako Sugitani, en versión galega de Novoneyra, y tres composiciones de nuestro autor en japonés por la citada autora.

Uxío Novoneyra muere el 30 de octubre de 1999 en Santiago y es enterrado en Lugo.

Carmen Blanco presenta la obra destacando algún aspecto de Uxío Novoneyra. En *O son escuro e o soño luminoso* la autora se centra en la vida intelectual del poeta y lo define como un poeta no prolífico, con un gusto por la revisión de su obra.

Uxío pertenece a la promoción denominada Xeración das Festas Minervales. Aunque el autor comparte con sus compañeros ciertas experiencias comunes tiene una trayectoria marcadamente independiente.

Para Carmen Blanco la obra de Novoneyra tiene una unidad, y por ello lo define como poeta total. Aun así hay evolución poética en la que se pueden establecer las siguientes etapas: poesía de los cincuenta, con *Os eidos I y II* y *Elegías del Caurel* encontramos presencias del paisajismo (aunque en este caso podíamos hablar mejor de “poesía da terra”, o incluso metapaisajista), neotrobadorismo y temática existencial.

En los años que van de 1960 a 1975 aparece muy marcada la preocupación política del momento, aunque en su caso separada de la fuerte influencia que tenía Celso Emilio Ferreiro, y enlazada en vez de con el clásico realismo de Curros con la obra de Pondal. La autora habla en el libro de poemas dirigidos a la propia tierra en los que se combina la preocupación nacionalista por el lugar de origen con el interés universalista por toda la humanidad. Y junto a esto, resulta también evidente el peso de las ideas marxistas, tras su reformulación del mayo del 68.

La autora señala el año 1976 como definitivo, pues su poética sufre un cambio estético con un redescubrimiento del lenguaje y una ampliación temática y estilística. En este periodo postfranquista la poesía del autor tiene un mensaje más indirecto y una conciencia más escéptica sobre la verdad utópica que en la anterior etapa. Aquí retorna a los metros populares en homenaje al mundo labrego y cuida la lengua.

En el Novoneyra maduro conviven todos los aspectos presentes en su vida poética: canto a la tierra, voz telúrica, vida y muerte como temas existenciales, tema político social, preocupación por las vanguardias, y la cercanía con las culturas ancestrales. La dimensión filosófico-existencial de la poesía novoneyriana se centra en el ser humano, en la soledad y angustia y sinsentido de la vida, y en la esperanza, que la encontrará en el amor, como apoyo vital básico. En este canto total conviven formas tradicionales con las vanguardistas. Además usa la lengua oral de su zona, con muchos dia-

lectalismos léxicos y sintácticos, como hace Ánxel Fole, paisano suyo, en la prosa.

La autora habla de creación basada en el acto oral, ya que se trata de una poesía para ser oída, lo que extrema los recursos fónicos del lenguaje. *A través de internet de hecho podemos ver al autor leyendo sus versos y comprobar así la importancia del acto oral en su obra.* Dice la autora en una de las frases más impactantes a mi entender del libro “da fuxida da cárcere da letra impresa”. Y los silencios. En esa búsqueda constante de depuración llega a su límite en la ausencia de palabras, con lo que apela necesariamente a la participación de la persona que lee.

Con el título *Na procura do signo mínimo* la autora destaca la elementalidad esencial como signo representativo de la poesía novoneyrana. Radical simpleza aparente y profunda complejidad implícita. El autor tiende a repudiar todo lo accesorio y se limita a lo imprescindible, dando lugar a veces a poemas “extremadamente cortos”.

Para terminar con esta reseña decir del libro de Carmen Blanco que presenta muy definitivamente la vida y obra de Uxío Novoneyra, haciéndonos más fácil el acercamiento a su vida y poesía. En fin, libro recomendado y recomendable si queremos conocer al poeta lucense.

Rafael SILVOSA

Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.

O profesor Freixeiro Mato, da Universidade da Coruña, ofrécenos na súa obra *Lingua de calidade* unha referencia útil para o estudo e o cultivo da lingua galega hoxe. No subtítulo do volume *Vinte reflexións e unha proposta esperanzada para un galego con futuro* temos xa unha declaración dos principios que guiarán a nosa breve análise: reflexións do autor sobre algúns temas ortográficos, gramaticais e socias do galego e mais as súas propostas e ideas para preservar a posición da lingua dentro da sociedade galega.

No “Limiar” o profesor Freixeiro Mato enuncia os eixes do libro: “O galego a día de hoxe non ten garantido o seu futuro como idioma da Galicia, aínda que si o teña como lingua internacional a través das súas variantes, nomeadamente a portuguesa e a brasileira.” (p. 5) Temos diante de nós as dúas liñas de traballo importantes neste volume, dunha banda, a dramática realidade sociolingüística do galego e, doutra, a pertenza de Galicia e do galego ao mundo lusófono, feito que debería favorecer o futuro da lingua.

Os perigos que axegan o galego nacen no propio país, coa perda de falantes mozos, segundo din as enquisas do uso da lingua, e mais a castellanización do idioma, que está a ser inundado de formas léxicas e morfosintácticas propias do español que han de ser rexeitadas no uso da lingua para evitar o risco de converter o galego nunha variedade rexional do castelán.

Ao longo de vinte capítulos, o profesor Freixeiro Mato, trata as cuestións máis comprometidas no uso do idioma galego. *Lingua de calidade* sería pois unha sorte de libro de estilo, no cal o autor aconséllanos sobre as formas recomendábeis para manter un galego “de calidade” e nos indica qué estruturas morfosintácticas debemos rescatar do esquecemento para reforzar a independencia do sistema lingüístico galego. Afortunadamente para os lectores non familiarizados coa terminoloxía científica, este volume preséntase como unha obra de divulgación e non como un estudo erudito da lingua desde unha perspectiva sincrónica.

A liña principal, que se manterá en todo o volume, parte dun acercamento ao portugués, para poder garantir a supervivencia do idioma e o afastamento do castelán. Isto débese facer desde as normas ortográficas e gramaticais da lingua mais tamén cómpre que os políticos galegos e medios de comunicación amosen un compromiso coa lingua, que empreguen un galego digno dese nome no “proceso de construción dun galego máis auténtico” (p. 6).

As normas do galego constitúen o primeiro chanzo deste proceso, xa que marcan o camiño que deben seguir as persoas que aprenden a lingua, especialmente os nenos, isto é, os herdeiros do patrimonio lingüístico galego. A convicción do autor é que “a ortografía é, de certo, un elemento simbólico importante que debe marcar unha primeira fronteira coa lingua de Castela” (p. 23). Así mesmo, un afastamento do castelán debe acompañarse dunha recuperación da ligazón galego-portuguesa. Freixeiro Mato amosa a súa conformidade coas modificacións de 2003 que “reafirman o galego nas súas raíces e tradición, como demostra o reforzamento de *ao*, *-bel*, *-aria*” (p. 23).

A fala oral non escapa das preocupacións desta obra, pois o galego atópase nunha situación de diglosia e, xeralmente, o falante de galego débese adaptar ao castelán. Os sinais conversacionais son unha mostra da interferencia do castelán na lingua galega e o vemos por exemplo no “uso abusivo de pero” (p. 41) e noutros casos que indican unha progresiva desnaturalización do idioma ou, en palabras do autor, “a súa conversión paulatina nun dialecto do español” (p. 41).

O grande conxunto de recomendacións está ligado aos aspectos morfosintácticos do idioma e nós queremos destacar especialmente a reivindicación do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. O infinitivo flexionado –“un dos trazos máis característicos do sistema lingüístico galego-portugués” (p. 87)– ocupa o capítulo 12 do volume. X. R. Freixeiro Mato propón unhas regras claras e indícanos os casos obrigatorios do uso desta forma gramatical “Estares Ti alí con eles resultou decisivo” (p. 89). O autor reconece que “é necesaria, en fin, unha discriminación positiva a favor do uso do infinitivo flexionado” (p. 90). Igualmente o futuro de subxuntivo érguese como exemplo da recuperación dunha lingua correcta, no capítulo 14. No século XX constatamos no galego un descenso na frecuencia de uso deste

tempo verbal, que tiña plena vixencia funcional na Idade Media e nos séculos posteriores. O recuamento do seu uso sería debido a “un fenómeno de interferencia do español e por conseguinte tencionarmos restituilo desde o ámbito culto” (p. 100), é dicir, hai que traballar desde a lingua culta para facer progresar a reaparición do futuro de subxuntivo nos outros rexistros e na fala oral.

Finalmente parécenos interesante a crítica dos prexuízos ou preconceitos lingüísticos que xogan contra o galego na sociedade actual e que abarcan aspectos como a “suposta falta de utilidade do galego” (p. 143), a asociación do “galego coa pobreza e o atraso” (p. 143) e mais “a pretensa imposición do galego” (p. 144), entre outros. Despois de denunciar os prexuízos que sofre o galego, algúns deles potenciados desde as esferas do poder político, Freixeiro Mato engade dous epílogos. O primeiro deles, “Proposta esperanzada”, chama á esperanza no futuro da lingua, nun marco xurídico e legal xusto que permita levar a cabo a normalización da lingua. Tamén asocia o futuro do galego ao achegamento a Portugal e ao portugués.

O segundo epílogo, “Epílogo non previsto”, xorde despois das eleccións de 2009, gañadas polo Partido Popular; del tiramos unha reflexión do autor: “agardamos que a sociedade galega saiba reclamar e defender o seu maior patrimonio colectivo, a lingua que ela mesma creou” (p. 158). Nun valioso “Apéndice sintético”, o lector pode revisar os puntos principais deste ensaio, de xeito esquemático e con exemplos, o que o converte nunha ferramenta útil para estudantes, profesores e calquera persoa interesada e comprometida cun galego de calidade.

Para rematarmos esta breve recensión, retomaremos as palabras do autor: “Xa non valen escusas” (p. 42), chegou o momento das accións individuais e dos compromisos en prol do idioma.

Diego MUÑOZ CARROBLES

GIRGADO, Luís Alonso, ABAL SANTORUM, Élida & CILLERO PRIETO, Alexandra (2009): *RONSEL Revista de arte (Lugo, 1924)*. Concello de Lugo. Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

O Concello de Lugo, en colaboración co Centro Ramón Piñeiro, pon nas nosas mans un volume no que se recollen, en edición facsimilar, os números que publicara a revista *RONSEL* en Lugo no ano 1924, entre maio e novembro baixo a dirección de Evaristo Correa Calderón e Álvaro Cebreiro.

A responsabilidade desta edición corresponde a Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cillero Prieto, que organizaron o traballo en nove apartados.

O primeiro deles consiste nunha nota de edición a cargo de Alonso Girgado no que nos informa das catro entregas da revista. A que corresponde aos seis números do ano 1924. Un Número Conmemorativo dos cincuenta anos, *RONSEL 1924-74*, aparecido en xaneiro de 1975. O facsímile, aínda que con certas variacións en canto a cor e a formato, publicado pola editorial Sotelo Blanco no ano 1982. E, por último, este volume que agora comentamos.

Despois da nota inicial, segue unha descrición das características dos exemplares de dos seis números de 1924. Formato, colaboradores-as, ilustradores-as, prezo, publicidade, linguas, traducións, seccións e unha interesantísima ollada á prensa galega e portuguesa contemporánea de *RONSEL*.

No capítulo seguinte aparece unha escolma de comentarios de prensa, ben sexan da época na que a revista se publicaba, ou algún artigo conmemorativo ou de lembranza daquela entusiasta iniciativa.

No cuarto apartado ofrécesenos unha bibliografía sobre as persoas que colaboraban ou sobre a prensa en Galicia. Esta bibliografía está ordenada segundo sexan dicionarios, enciclopedias, revistas etc.

A seguir ofrécesenos un índice alfabético de colaboradores, distinguindo entre literarios e artísticos, nos que aparecen os títulos das súas colaboracións xunto co número da revista e páxina na que se atopa.

En sexto lugar encontramos unha serie de estudos e visións sobre diferentes aspectos da publicación, escritas dende a perspectiva actual e que constitúen unha interesante achega para situar e valorar o significado de *RONSEL*. Son unha ducia de perspectivas nas que se tratan diferentes aspectos da revista, música, multilingüismo, vangardas etc; ou estudos concretos sobre algún colaborador ou colaboradora, son os casos de Pimentel, Manoel Antonio ou Norah Borges. Estes son os autores e os temas tratados:

1. Juan José Moralejo Álvarez, “Ronsel”
2. Silvia Alonso, “La música en *Ronsel*”
3. Darío Xohán Cabana, “Algo sobre Xohán Viqueira”.
4. Ana Goy Diz, “Norah Borges, la musa del ultraísmo en *Ronsel*”.
5. Araceli Herrero Figueroa, “Luís Pimentel e *Ronsel*”.
6. Manuel Celso Matalobos, “Multilingüismo e multiculturalidade en *Ronsel*”.
7. M.^a Isabel Morán Cabanas, “Diálogos culturais e literarios entre a Galiza e Portugal através da revista *Ronsel*”.
8. M.^a Xesús Nogueira Pereira, “Manuel Antonio e a Vanguarda. Notas sobre o poema ‘Excelsior’ de Manuel Antonio”.
9. Xulio Pardo de Neyra, “*Ronsel* e o epicentro das vangardas galega na terceira década do século XX”.
10. Armando Requeixo, “Presenza da poesía galega en *Ronsel*”.

11. M.^a Ángeles Rodríguez Fontenla, “Ensayo histórico y mirada poética. Traducción y creación de imágenes visuales: Benjamín Jarnés, Ramón Gómez de la Serna y Antonio Robles en *Ronsel*”.
12. Juan Soto Gutiérrez, “Publicaciones periódicas en el Lugo de 1924”.

O capítulo seguinte corresponde aos curricula dos autores e autoras que vimos de sinalar.

O oitavo consta dos seis números do ano 1924.

E o que remata a publicación consta de dúas adendas. A primeira constitúea o Número Conmemorativo do cincuentenario. E a segunda consiste na reprodución, no italiano orixinal, do artigo do profesor Otello Tavoni—falecido mentres se elaboraba esta edición completa de *Ronsel*, segundo nos informa Luís Alonso Girgado—que se titula “Ambiente culturale ed esiti letterari della rivista gaglienga *ronsel* (1924)”. Estudo publicado na Università de Perugia en 1988.

En resumo unha edición coidada, con abundante material gráfico e uns estudos que axudan a comprender a importancia da revista e dos colaboradores. Así como a facérmonos unha idea, oitenta e seis anos despois, do que significou a aparición de *RONSEL* nun ambiente de altísima inquietude cultural.

Sen dúbida toda aquela intensidade merecía outra sorte que a destrución que supuxo a guerra civil. De non suceder, de non mediar aquel brutal conflito, aquela xeración fracturada pola represión, o exilio e a división política, levaría a cabo proxectos que tiveron que agardar moitos anos para que aparecesen novamente.

Felicitémonos, pois, do rescate que esta publicación supón. Imprescindible para coñecer a nosa historia, a nosa literatura e para render un tributo de gratitude aos que, entusiasmados, abriron camiños que despois se coutaron traxicamente.

Manuel PEREIRA VALCÁRCCEL

GONZÁLEZ ROUCO, María (2009): *Volver a Galicia. Cuentos y poemas con gallegos y argentinos*. Buenos Aires: El Escriba, 118 pp.

Siempre hay una Galicia diferente para quienes la conocen, aunque en el fondo esa Galicia sea la misma. El tiempo, la distancia, la nostalgia y, principalmente, los vínculos conforman la perspectiva de una tierra que evocan los que están fuera, los llamados emigrantes, exiliados, *peregrinos*; en definitiva, los que se fueron. En *Volver a Galicia* esos vínculos están presentes de principio a fin e impregnan el espacio en el que lo real y lo imaginado comparten protagonismo.

María González Rouco, periodista, profesora e escritora, es la autora de este completo trabajo de difícil definición por su composición particular: incorpora ensayo, investigación, cuentos y poemas, además de

varios testimonios y una entrevista. En conjunto, la obra, dedicada a la memoria de sus abuelos y a los gallegos en Argentina, rinde homenaje a la tierra de origen, a las raíces, a la identidad. Y con esa intención se desarrolla un trabajo a medio camino entre la recreación literaria y la investigación periodística, que se entremezclan y forman un único género.

La autora argentina, nieta de inmigrantes de Lugo y de A Coruña, no es ajena a la realidad de la inmigración. Tampoco es nueva para ella la experiencia de la literatura: ha sido distinguida con varios premios por algunas de sus publicaciones y cuenta con más de mil artículos firmados. Con estos precedentes, y con el ánimo de difundir los estudios sobre la inmigración, María González Rouco reconoce en una entrevista incluida en las primeras páginas que la experiencia familiar la llevó a realizar este tipo de investigación, para la que pide más apoyo.

Aunque la escritora considera que su libro se divide en tres partes (investigación, cuentos y poemas), propondremos una división alternativa en dos partes que también sería acertada: investigación y creación literaria.

En la primera parte, que a su vez consta de varias secciones, conocemos la situación de los gallegos en Argentina. Mediante el testimonio de la autora y de varias personas que completan su investigación, sabemos de las peculiaridades de unos gallegos que hablaban su idioma pero no lo transmitían a nadie por vergüenza; que se reunían asiduamente para mantener viva la esperanza de un regreso; que no conseguían superar un sentimiento de alienación que les perseguía; o que se sentían culpables ante el abandono de su tierra y de sus familias.

El factor económico era el principal motivo de emigración. La precaria situación que se vivía en Galicia en el transcurso de los siglos XIX al XX convirtió a cientos de miles de personas en emigrantes, que se transformarían en exiliados tras la Guerra Civil española más adelante. Si los primeros tuvieron la “libertad” de emigrar, los segundos vagaron buscando refugio. Sin embargo, tanto los emigrantes como los exiliados compartieron el mismo desarraigo y vivieron la misma incertidumbre.

María González Rouco sabe transmitir con acierto los resultados de su investigación, e incorpora, además, algunos testimonios de personas anónimas o conocidas que colaboran en la recopilación de datos sobre los inmigrantes mediante cartas, correos electrónicos u otros medios. Así, la autora da voz a las historias personales de los que nunca fueron escuchados: abuelos, padres, hijos o nietos..., que vivieron formulando preguntas sin respuesta.

La imposibilidad del retorno para algunos, que quedaron marcados para siempre por el exilio o la inmigración, se describe en el apartado titulado “Volver”. Citando a Luis Seoane: “Soy y seré siempre un desarraigado permanente. Lo seré aunque decida volver a mi país. Es

el destino del exiliado.” (p. 62), la autora reconoce que la transformación que sufre el inmigrante también se hereda, de manera que son muchos los descendientes que deciden “regresar” cumpliendo el sueño de sus padres o abuelos, para buscar nuevas oportunidades o para reconciliarse con el pasado. Tras estas reflexiones, aparecen unas fotografías de la familia de María González Rouco, que cierran el apartado de investigación de esta primera parte del libro.

Los cuentos y poemas que constituyen la segunda parte de *Volver a Galicia* suponen la puesta en práctica, de manera literaria, de todo lo expuesto anteriormente. En estos breves fragmentos sorprende la recreación de momentos históricos puntuales con una precisión total, y en la que se mezclan la realidad con la ficción, lo personal con lo colectivo, lo particular con lo universal.

“Josefina en el retrato” describe cómo dos personas separadas por el tiempo –un siglo de diferencia– y por el espacio –una de ellas está dentro de un portarretratos– comparten el mismo interés por las causas de los movimientos migratorios de los gallegos hacia Argentina a finales del siglo XIX. La protagonista del relato mantiene con la niña de la foto una conversación que se convierte en amistad y que representa la necesidad de mantener vivo el pasado, los recuerdos, las historias que deben reconstruirse. El cuento evoca *El retrato de Dorian Gray*, de Oscar Wilde –apellido que además lleva uno de los personajes–, en cuanto a retratos que adquieren vida. Pero aunque el desenlace es distinto, la intención es la misma: captar un instante y retenerlo en la memoria para siempre.

“Peregrinos” es el eufemismo con que se hace referencia a los emigrantes, quienes ven en una luz en el cielo la señal que les impulsa a abandonar la tierra que aman y sufren a la vez. El dolor por la pérdida y por la partida se mitiga ante la ilusión y la esperanza de una vida mejor. Para ello, deben emprender un viaje de “peregrinación”.

“El regreso del indiano” es la recreación del retorno de un emigrante a su tierra de origen: el abuelo paterno de la autora, quien, en una especie de justicia poética, inventa un final feliz para él. De igual forma, “Un cielo para mi abuelo” refleja los últimos días del abuelo materno, quien se reunió con su tierra “en la eternidad”.

Se aprecia en los cuentos de María González Rouco una cadena de recursos literarios que, acompañados de un lirismo sutil, sugieren la necesidad de reconciliación con el pasado en nombre de sus abuelos y la insistencia de cerrar un ciclo. A este propósito ayudará, sin duda, la sensibilidad expresada en los poemas que incluye la autora en las últimas páginas del libro.

Las evocaciones a Rosalía en los poemas “Airriños” y “De España” dan cuenta de la nostalgia con que se mira Galicia desde la distancia. Ese sentimiento de morriña o saudade continúa en “Como al principio”, una elegía de la nieta a la abuela muerta.

El homenaje al inmigrante se refleja en “Peregrinos”, donde de nuevo la palabra *peregrino* disfraza la

crudeza de la denominación alternativa. El último poema, “Mi abuelo”, especialmente emotivo, expresa mediante el contraste la dualidad que vive el inmigrante, que está sometido a dos fuerzas en tensión: la patria y la tierra de adopción. Este sentimiento de ambivalencia que se define a la perfección en la cita de Mario Benedetti que incluye la autora en este último poema: “quizá más lo primero que lo segundo / y también viceversa” (p. 107).

María González Rouco apuesta por la combinación de teoría y práctica como representación de su visión sobre las relaciones entre gallegos y argentinos, marcadas por la inmigración. La mejor manera de transmitir un mensaje con efectividad es, justamente, ofreciendo una obra avalada por una rigurosa labor de documentación e investigación, y por la creatividad de un universo literario que sirve de ejemplo de lo investigado. Los testimonios, comentarios y fotografías que acompañan a los textos constituyen el complemento perfecto de esta particular forma de contar lo que tantas veces se ha escrito, pero que pocas veces se ha escrito así.

María Jesús PIÑEIRO DOMÍNGUEZ

HERMIDA GARCÍA, Modesto (2010): *Xesús Alonso Montero, palabras e compromiso*. Vigo, Ir Indo Edicións, 64 pp.

Cofecer a Xesús Alonso Montero é unha inmensa sorte que algúns temos.

Escoitalo falar é unha aprendizaxe continua e as súas verbas engaiolan e trasladan aos tempos da guerra “incivil”, ás cartas dos condenados a morte, ao tempo de Rosalía de Castro.

Pero cofecer a Xesús Alonso Montero non é só un privilexio por a posibilidade de gozar dos seus coñecementos, éo tamén por a oportunidade de sentir a presenza da súa calidade humana.

Modesto Hermida titula á súa “vida” *palabras e compromiso* e mostra, así, as dúas facetas máis salientables do egrexio galego. O estudoso recolle a biografía de Alonso Montero, e faino coa rigorosidade do crítico, pero tamén coa proximidade do amigo, cos ollos da testemuña que estivo alí en moitas das ocasións (como podemos ver nas fotos do libro), coa admiración do compañeiro. Deste xeito, non só ofrece os datos obxectivos da vida do mestre, senón que, tamén, transmite a forza que irradia a súa persoa.

Ao longo do libro, dividido en nove capítulos, facemos un percorrido pola vida de don Xesús. Como neno de cidade trasladado ao campo, que atopa a esencia da súa lingua entre os nenos labregos do Ribeiro; como enfermo por equivocación, que encontra na falsa enfermidade as portas aos estudos (afortunado erro aquel para todos nós); como loitador en todos os campos precisos; como orador admirado e como personaxe querido

e homenaxeado. Todo elo coa compañía das imaxes ternas do neno, as imaxes orgullosas do estudante e do profesor, as imaxes afoutadas do que non cala os seus principios.

Xesús Alonso Montero fai unha testemuña constante da súa vida desde tres premisas: “son marxista, ateo e non nacionalista”. E tamén é un dos persoeiros fundamentais da cultura galega. Inda que os nacionalistas galegos non sempre entendan a irmandade que pide o comunismo. Inda que os comunistas non sempre entenden que se poida sentir tanto amor por un recuncho de terra tan pequeno. E, sen embargo, este home dunha peza, sabe que a conxunción é posible. E Modesto Hermida, como tantos outros, sabe o que resulta da unión das dúas crenzas. E por iso, cóntalo no seu libro, no que dedica tamén espazo a unha parte da “infinita bibliografía”, os cargos, distincións, premios e poemas, que Xesús Alonso Montero mereceu. E qué mellor xeito de cerrar estas verbas, que unir a nosa voz á de Víctor Campio no poema que dedicou a Alonso Montero cando este se xubilou. Xuntámonos, desta maneira, á homenaxe ao mestre, e engadimos a gratitude a Modesto Hermida pola súa testemuña.

Por esa luz eu brindo, que é sagrada.
Alzo a copa a man, ergo contigo
a nosa mesma sede, camarada.

Begoña REGUEIRO SALGADO.

LOURENZO, Manuel (2009): *Medea dos fuxidos e outras pezas*. A Coruña, Biblos clube de lectores, 167 pp.

O conxunto de seis pezas breves que aquí presentamos exemplifican ben o desexo dun dramaturgo como Manuel Lourenzo por situar no terreo dos seus universos ficcionais unha serie de personaxes que, tras visitar en moitos casos conflitos universais e contextos clásicos, visten unha nova palabra depurada, arrequentadora e apañada entre o tempo demorado para obter o verbo preciso e o espazo acorde coa paisaxe emocional e temática que estas personaxes tan fresca e contundentemente deixan en cada escena para ser domeada pola tarefa expresiva do actor.

Reflexiona o propio autor no inicio da compilación sobre a anormal situación da edición teatral galega, sobre a invisibilidade do libro teatral (cuxa dificultade de acceso nos andeis das librerías comprobamos día a día todos, non só os devoradores de toda novidade dramática coma un servidor). Pero a complexidade para estar ao día das novidades deste prolífico dramaturgo non só veñen da xeralidade das debilidades dun sistema que adoce de catálogos especificamente teatrais planificados e permanentes, visibles e atentos á posible demanda dos seus principais axentes (compañías e educadores), a

dificultade por seguir a produción de Manuel Lourenzo pode presentarse pola súa cantidade de textos dados a coñecer en diversas editoriais, escenificados ou premiados. O director e actor demostra ter asumido nos últimos tempos unha revisión de pezas escritas anos atrás, retomadas, reestruturadas e enfeixadas en torno a triloxías ou conxuntos de coherencia estilística. Para esta de Biblos, Lourenzo, facendo gala dun afiado e paródico sentido metadiscursivo, afirma que as pezas teñen como nexos comúns o que o autor considera o seu propio canon, é dicir, os seus delirios máis frecuentes.

Neste conxunto de delirios, sempre o gume máis fino e crítico sobre a sociedade, sobre a condición do ser humano contemporáneo, coma o que protagoniza a peza que dá título ao volume, a vingadora, a de Écate que tantas lecturas e debates orixinou en torno ás súas decisións asesinas, Medea. O poder e a vagaxe da personaxe clásica mesmo teñen na obra deste autor unha especial importancia, non só nesta *Medea dos fuxidos* do ano 84, senón tamén na que fora Premio Rafael Dieste no ano 1999, *Últimas faíscas de setembro*, coa diferenza principal de se centrar a segunda en conflitos máis íntimos, en torno ao desexo e a outras situacións vivenciais menos públicas cá primeira.

Esta Medea que encabeza a colleita das diversas creacións dramáticas, no seu conxunto constitutivas dun propio discurso estilístico conscientemente escolleito polo autor, preséntanos unha personaxe cuxa forza principal se basea na vinganza e na restitución da dor e da aldraxe a través da valente decisión de levar a cabo o delito. Á morte da nai protectora de Xasón séguelle a do propio fillo de ambos, que lle é entregado ao home como castigo do seu propio erro, como imborrable recordo despois de inxerir o propio sangue da súa nai mesturado nunhas filloas realizadas por unha Medea afastada do doméstico, tal e como puido comprobar o inocente e egoísta Xasón degustando precisamente un dos produtos reservado antropoloxicamente ás tarefas da muller na festa da matanza do porco.

É esta Medea o xermolo da xustiza dende as bondades e a fondura dun vigor saído da natureza, debruzada a paixón sobre os fentos, unha sexualidade vital, un encontro e compromiso dos fuxidos da guerra, dos escapados, dos ocultos na liberdade do monte e do compromiso colectivo. Fronte a isto o abandono, a traición de Xasón, a impulsiva e natural reacción da Medea fuxida, da ferverza incontinida, dotada desa naturalidade que só esta condición de simbiose coa paisaxe natural e salva-xe pode explicar.

Despois da traxedia, unha fábula con alta dose ou gusto pola situación de abandono duns personaxes nun espazo aillado, Exterior, na desazón do descubrimento, da memoria, da irrealidade que leva á introspección e á reflexión sobre as relacións de poder e sospeita, dúbida e imprevisibilidade sobre unha condición humana desacreditada. Así de beckettiana pode soar este *Informe da cidade opaca* que, na súa situación temporal dunha era post-humana e cuns personaxes descubrindo o seu pro-

pio ocaso en sete días de incesante chuvia que coinciden co avance coherente das partes dun día (noite, amencer, tardiña e apagón definitivo tras o ensaio ou experimento). Tamén nos podemos atopar cunha irónica visión distanciada do que para eses personaxes somos nosoutros, os restos dunha antiga civilización: un libro como un raro obxecto ou un paraugas como unha obra de arte espaxados pola cova con intencións arqueolóxicas... Mais esa civilización posterior á extinta humanidade segue a experimentar e a confabular, a ordenar o exterminio de rebeldía, analizar condutas dende o poder cun ton futurista que non deixa de ter certo humor na selección dos nomes das súas institucións como o Círculo Crítico ou a irónica e visionaria situación da Cidade (asi, con maiúsculas) como lugar e núcleo do control, como único lugar habitable, grande proxecto de harmonía, equilibrio e perfección.

Despois do temporal é unha comedia. A diferenza de subxéneros tamén resulta de interese, poder atopar neste volume o que moitas veces se procura en centros de ensino, aulas de teatro, etc., onde poder traballar diferentes estilos interpretativos e tamén xéneros ou personaxes. *Despois do temporal*, a terceira peza do libro, xa que logo, toma elementos que nos serven de pista ou claro indicio textual da traxedia de Fedra para presentar unha comedia ou, o que é o mesmo, as consabidas e dadas circunstancias voltas do revés na crecente bóla de conflitos familiares, nun enredo ou profundidade cómica.

A obra está depurada de toda anécdota, un exemplo máis da destilada dramaturxia e da síntese de conflitos, de densidade nunha trama de permanentes cortes e prolepses temporais, de cambios espaciais pero de progresión constante e áxil. Esta personaxe de Tania non é un trasunto da Fedra rexeitada e rancorosa, esta Fedra nova aborrece unha situación familiar de intereses económicos entre irmáns, unha nova Fedra cansa da sensación de desolación e descompostura tras a morte dun pai retornado de Miami e enriquecido co negocio da construción e o esforzo persoal. Esfarelada a paixón polo seu Hipólito nunha entremesturada cadea de sospeitas, accidentes do mozo da fillastra (Paula), entradas en negocios deste avogado co seu amante (fillo do seu difunto marido), acusacións dunha celosa e progresivamente máis interesada fillastra... En fin, loita oculta entre irmáns (o que ficou, disque querido polo pai e a que marchou para A Coruña, disque esquecida por este) por herdar e manter un negocio ou unha idea ecoturística rendible situada nun microcosmos próximo, na microtoponimia lucense que tanto singulariza a creación dramática lourenzá. Frexulfe, Azoreira, hortas e chouzas onde abanea o ar que bate cunha nova Fedra revisitada dende a nova sociedade cun conflito que fai cambiar á personaxe, facendo cómico o que deixa detrás, unha personaxe coa cal Manuel Lourenzo, por outra banda, xa se familiarizara no ano 82 e que, adaptada a cada xeometría, segue amosando hoxe a intención e o desexo inquieto do mestre e teimoso Lourenzo por poñer as miserias e dozuras

do ser humano á beira de inesgotables arquetipos (ás veces revirados).

De contado escintilea unha nova e moi breve peza, a cuarta, co suxerente título de *Rodaxe*, que coa intención de sátira afonda nunha reflexión metateatral ou sobre as funcións da arte. Encontro entre o “verdadeiro” Drácula e un dos directores cinematográficos que se sitúa na historia da cinematografía como o máis fiel reproduutor da novela e da esencia romántica do conde vampiro: Francis Ford Coppola. Aquí, entre outras metáforas, podemos e queremos extraer o debate que tanto estimula a eterna loita entre autonomía da nova creación, distanciada e experta na visión e na análise obxectiva das fontes fronte ao purismo e posesión da autenticidade deses mesmos antecedentes. Coppola defende que os espellos saben máis mentres Drácula replica “só me limito a constatar o abismo existente entre a súa ficción e a miña realidade” (p. 134) Embedado da esencia e da atmosfera máis suxerente que pretende a cercanía á orixe, situados en Transilvania, o encontro entre o ente, entre o mito (Drácula) e un dos máis fieis recreadores deste fai que, paradoxalmente, na conversa se purguen satiricamente as vaidades de ambos dentro das redes do sistema artístico. Crear e policromar algo novo sobre o mito, sobre a verdade soamente para fascinar ao público pode ser o que nos ofrezca ás veces a (pos)modernidade artística, outras, como defende Coppola “bater na casca até chegar á pebida” (p. 138), onde como di está un vampiro, non un filósofo, moito menos un filósofo relativista.

E para rematar, dous guiños radiofónicos, un subxénero dramático promovido nos últimos anos dende o CDG e o programa Diario Cultural da Radio Galega e que tanto pulo e éxito acadou para a divulgación da creación escénica que se apoia na expresión oral e nos recursos sonoros, nunha nova necesidade dramática que permitiu presentar novas voces para o sistema teatral galego e na cal tamén tivo responsabilidades como membro do xurado nalguna ocasión Manuel Lourenzo.

Elisa na chaira é o título da primeira, un exemplo de cómo a expresión se concentra na evocación de imaxes que o radiointe debe construír no seu máxime a partir dunhas intervencións acompañadas dunha ambientación sonora que aquí, acompasan a evolución dun estado de ánimo excitado da personaxe no inicio, que se nos presenta como escapada e temerosa de algo ou alguén e que mesmo consegue crear unhas expectativas no espectador que, con todos os indicadores, se anticipa ao drama para ir máis alá e pensar na trágica e repetida crónica dramática que protagonizan as vítimas da violencia machista. Mais pouco a pouco, a carta entrecortada, os suspiros, os disparos no horizonte pasan a converterse en lugar de refuxio e descanso, na casa familiar da protagonista que ao final expón con claridade as súas intencións, unha enfermeira desexosa de se repor da inxustiza e de se incorporar ao mercado laboral despois de ser expulsada do hospital por lle adicar demasiado tempo aos doentes, expulsada polo seu propio amante, esquecida mais viva (o espectador-ouvinte respira aliviado, eis

a catarse), a personaxe reponse gozando do “solpor de cazadores e os seus perdigueiros” (p. 150). Velaquí a explicación dunha sospeita, a trampa desvelada polo dramaturgo que nos foi levando maxistralmente da man.

Sobre a violencia xira tamén o motivo principal da derradeira, *Adelina morreu afogada*, un episodio de mortes encadeadas, unha moza e un vello, unha voz en off como teimosa tentación da oligofrenia e a inocencia dun meniño que non comprende o terror, na súa cándida e aínda inocente existencia que non concibe nin refrenda o horror.

Con estas seis obras que o autor nos agasalla seguiremos a procurar a mirada vibrante, a sedución da expresión ao servizo dun corpo que vista a palabra co mesmo aroma intelixente e sedutor con que Manuel Lourenzo quere espertar os nosos sentidos.

Roberto PASCUAL

MONTEAGUDO, Xosé (2009), *Un tipo listo*. Vigo: Galaxia. 352 páxs.

Que facer se, despois da morte dun ser querido, descubrimos que a persoa que faleceu era un total descoñecido? Que pasaría se ese descoñecido for o pai? Como reaccionar ao saber que o home ríxido e tranquilo co cal creceras tiña unha dobre vida? Que pensar cando che din que o home que dedicara toda a súa vida ao traballo nun banco en verdade roubou millóns de pesetas alí? Na novela *Un tipo listo* atopamos moitas interrogantes dende o comezo da historia: o momento no cal o fillo descobre que o pai xace morto na casa.

Esta obra de materia policial, gañadora do Premio García Barros 2009, concedido polo Concello da Estrada, constitúe un libro complexo cuxa voz protagonista será Darío, un dos fillos do falecido Manuel Cortizo ou Manolo, como o seu fillo o nomea durante todo o relato. Manolo era empregado dunha sucursal bancaria de Vigo, un *selfmade man* ao estilo galego, home saído dunha aldea, apoiado polo cacique da época, don Caetano, promotor inmobiliario e suposto estafador de milleiros de persoas que confiaron nel para xestionar os seus aforros, sen saberen que o abnegado Manolo organizara un sistema bancario paralelo para se enriquecer.

Nada novo baixo o sol: a historia real que podería ter inspirado o autor sucedeu realmente na cidade de Santander, trátase do caso de “Pepe o do Popular” ex-director dunha sucursal bancaria, empregado exemplar, traballador concienciado, que foi detido en 2009 en México, despois de se fuxir da Xustiza española en 1991, acusado de delitos parecidos aos descritos por Xosé Monteagudo nesta novela.

A novela componse de tres “libros”, seguindo quizais o modelo dos libros de contabilidade, e de vinte e dous capítulos, moitos deles con nomes tirados da linguaxe económica: “Cobertura de riscos”, “Teoría dos

xogos”, “Utilidade marxinal”, “Amortización”, “Xusto prezo”, etcétera, que o autor utiliza de xeito enxeñoso para describir as sucesivas etapas dos feitos narrados. Nunha época de crise económica e das finanzas internacionais, a literatura galega non fica allea ao contexto social e deixa un espazo para unha novela policial atípica e bancaria.

Os espazos principais da novela son a cidade de Vigo, centro de operacións da trama urdida polo señor Cortizo e domicilio do seu fillo Darío e da súa familia, e mais a vila de Baiona, sede das manobras urbanísticas de Manolo e mais o seu fillo Ricardo. A maior parte dos escenarios son urbanos e pertencen á vida cotiá de calquera cidade: un banco, unha xestoría, un ximnasio, unha tenda de decoración... feito que converte *Un tipo listo* nunha novela apertada ao lector, que pode recoñecer facilmente espazos similares e se identificar con eles.

Como xa dixeramos, *Un tipo listo* xira arredor de dúas figuras contrapostas e antagonistas na novela: o pai e o fillo, Manolo Cortizo e Darío. Os eixes narrativos serían, dunha banda, a reconstrucción da vida de Manolo, desde á época da infancia no mundo rural galego, a protección do cacique local, a chegada á cidade, o inicio das actividades empresariais e finalmente, a dobre contabilidade na sucursal onde traballaba; e doutra banda, o proceso xudicial contra os fillos, Ricardo e Darío, uns particulares Caín e Abel enfrontados pola herdanza material e sentimental de Manolo. Neste último eixe atoparemos asemade un camiño de descubrimento de si e da verdade por parte de Darío, a quebra da súa vida conxugal, a aparición da amante do pai, o afastamento do irmán traidor.

Nun nivel interpretativo deste libro poderíamos falar da busca como elemento chave da acción. Isto non constitúe unha novidade, xa que en cada novela policial existe polo menos unha unha pescuda, porén, *Un tipo listo* ofrécenos unha dobre busca: a do pasado de Manolo para comprender quen foi realmente e que fixo e mais a busca persoal de Darío. Atoparíamos aquí unha sorte de aventura iniciática cabaleiresca, Darío marcha só en busca da verdade sobre o pai e de claridade para a súa vida e as súas ideas. Partiríamos pois da idea psicanalítica de “matar o pai” que nesta novela sería literal, xa que a morte de Manolo é o feito primeiro, desencadeante do resto da acción. Co falecemento do pai, Darío ábrese a novas experiencias vitais, amorosas, sexuais.

En resumo, estamos diante dunha novela policial que pretende descubrir a verdade dun delito e máis amosar a profundidade dos sentimentos e das reaccións persoais en situacións límite. O falecemento dun ser querido non serve para pechar unha etapa na vida, mais para abrir a caixa de Pandora familiar e deixar ao descuberto moitos misterios soterrados e miserias humanas. Ademais, o feito de reflectir un universo cotián e pouco amosado na literatura –a banca– dálle ao libro unha impresión de verosimilitude que certifica o emprego da linguaxe económica.

Resta sabermos quen é en verdade o “tipo listo” que lle presta o título ao libro, un misterio que cada lector poderá resolver percorrendo as páxinas da novela.

Diego MUÑOZ CARROBLES

Revista Galega de Teatro, N.º 61, Pontevedra, Inverno 2009

La *Revista Galega de Teatro* es una de las escasas publicaciones nacionales dedicadas al estudio y a la difusión de las artes escénicas en nuestro país. Su labor es digna de ser admirada y elogiada desde que comenzó su andadura en el año 1983 bajo el título de *Boletín de Información Teatral da Escola Dramática Galega*, pues no recibiría su actual denominación hasta el número 11.

En este, correspondiente al invierno de 2009, se mantienen las diferentes secciones de la revista, entre las que conviene destacar la denominada “Temas”, que contiene una interesante disertación de Ana Contreras sobre el Wabi-Sabi y su influencia en el teatro contemporáneo, en la que estudia las principales características de la estética japonesa, especialmente en la ceremonia del té, y su repercusión en la escena occidental, que conlleva como una de sus principales consecuencias la búsqueda de la simplicidad y la naturalidad. En esta misma sección varios autores reflexionan acerca de los repertorios y la creación de públicos, con opiniones diversas y en ocasiones contrarias: Manuel F. Vieites trata las posibles definiciones del término “repertorio”, desde la identificación con un canon hasta el capital teatral, que es, siguiendo las teorías de Pierre Bourdieu, el conjunto de obras que cada espectador ha visto, relacionado a su vez con el sistema y la política teatral de una determinada región; Pedro Fresneda, codirector de Teatro Ensalle, habla de su propia experiencia, de los intentos de establecer constancia y coherencia en la programación y de la dependencia de la ayuda y el apoyo público; similar postura adopta Ánxeles Cuña Bóveda, directora de Sarabela Teatro, que explica la situación teatral en Ourense y la doble vertiente de la compañía, por un lado Teatroria y por otro el de compañía residente del Auditorio de Ourense; sin embargo, Rui Ângelo Araújo, programador del Teatro de Vila Real, no está de acuerdo con establecer una compañía residente, al menos en Vila Real, pues como bien explica, en esta ciudad no hubo ningún tipo de política teatral hasta 2004, y por tanto, lo realmente necesario ahora es la creación de públicos a través de la diversidad, ya que el teatro es un servicio público y debe llegar a toda la población, no a unos pocos.

Manuel F. Vieites vuelve a colaborar en la sección “Espazos” con un maravilloso artículo en el que compara las carreras paralelas de Paulo Freire (*Pedagogía do oprimido*) y Augusto Boal (*Teatro do oprimido*), en las que ambos tuvieron que crear una sociedad democrática.

ca, solidaria y tolerante; y otro sobre Daniel Cortezón y su mirada crítica y plural, con la que buscaba reconstruir la tradición gallega en la literatura. Esta sección la cierra Orzo Abrunheiras con un interesante análisis sobre los primeros cuatro años de vida de la ESAD en Galicia, mostrándose contento por la primera generación graduada, como también se alegra la *Revista* en su editorial. Abrunheiras hace hincapié en la búsqueda de calidad y en la preparación para poder adaptarse a los cambios que produzcan los nuevos tiempos, así como presenta sus dudas a la incorporación al EEES y pide mayor autonomía para la ESAD y que se fomenten los intercambios. El autor no elude puntos polémicos y defiende que la Escola contemple solo la lengua gallega, argumentando que el castellano encuentra otras muchas posibilidades. Sin embargo, Ana Vallés, en una de las entrevistas de este número, realizada por Antón Lamapereira y Manuel Sesma, no entiende toda la problemática que se plantea alrededor de la lengua y ejemplifica con la danza que el arte no tiene que estar sujeto a este tipo de cuestiones. Ana Vallés defiende también su doble faceta como directora y actriz en la compañía Matarile Teatro, y sorprende al afirmar que no le interesan otros textos dramáticos ni el teatro que no está realizado por ella.

Otra de las entrevistas, también realizada por Antón Lamapereira, es la de Carlos Neira, creador de Espazo Aberto, que busca nuevos códigos y prepara la obra teatral al servicio del discurso. El artista confirma que su obra *Wake up* es una indagación sobre la identidad a través de la desnudez y la tecnología, y a pesar de pretender lograr un sello propio reconoce la influencia de González Torres y Orlán.

También Roberto Fratini, en el campo de la danza, es entrevistado en este número, por Roberto Pascual. El autor y profesor interpreta la muerte de Pina Bausch como la constatación del fin de un estilo anquilosado, con falta de referentes, y critica el uso de las tecnologías, pues según Fratini va en detrimento del arte. Resulta especialmente interesante su concepción de la danza gallega, a la que considera mucho menos provinciana que la danza de otras regiones, aunque cree que la intención de diferenciarse de los focos principales, es decir, Madrid y Barcelona, provoca a veces una elaboración de la identidad falseada y estéril.

El otro trabajo de la sección “En danza” es un homenaje a Merce Cunningham, realizado por Ana Serna, en el que trata la técnica de la danza para organizar el movimiento y transmitir. Serna finaliza con una lista del legado que deja Cunningham en la danza.

En la sección “Festivals” Manuel Sesma reflexiona sobre las obras en el XXVI FITA, entre las que destaca *Deus como paciente*, de Lautremont, llevado a cabo por Matthias Langhoff y ambientado en el París de hoy con música y proyección, a la que Antón Lamapereira le dedica unas páginas. Toni Rumbau se ocupa de Galicreques 2009, el XIV Festival Internacional de Titeres,

comentando los espectáculos que se celebraron y explicando el funcionamiento de la página web Titerenet, que aglutina compañías, festivales, etc. Por último, Alberte Bello comenta los espectáculos del IV Festival Galego de Cabaré, y Vanesa Sotelo, en una dura crítica, analiza la XVII Feira Galega das Artes Escénicas de Galicia.

Carlos Caetano Biscaíño analiza la obra *Glass City* de Teatro do Noroeste en la sección “Espectáculos”, de la que comenta los altibajos que se producen principalmente por la cantidad de funciones que desempeña el director, producto de la fragilidad del sistema teatral. En “Libros” Vieites reseña la recuperación de la obra *Isidoro Máiquez y el teatro de su tiempo* de Emilio Cotarelo y Mori, considerada como la biografía artística definitiva, y María Lourdes Vega Alonso trata la edición conjunta de las obras *Antígonas*, *A cartuxeira* y *Neuras* de María Xosé Queizán, resumiéndolas y estudiándolas brevemente. Otras secciones de este número son “Cómico”, “Ficheiro” y “Axenda”.

La última parte de la revista consiste en la inclusión de un texto teatral en gallego, ya sea original o traducido. Es digno de aplauso el compromiso de la revista con la difusión de textos dramáticos en una época en la que las editoriales olvidan mayoritariamente este género, que no ofrece tantos beneficios económicos como la narrativa. En este número el texto escogido es *O Ogrocho*, de la autora quebequesa Suzanne Lebeau, traducido del francés al gallego por Henrique Harguindey Banet. *O Ogrocho* es una obra en apariencia sencilla, con solo dos personajes, Ogrocho y su madre, el primero un niño de apenas seis años pero muy grande para su edad, que comienza a ir al colegio, pero descubre que, como su padre, es un ogro. Ogrocho quiere seguir yendo a la escuela, aunque para eso debe someterse a tres pruebas que le permitan superar su “ogridad” y no ser un peligro para sus compañeros. La obra aúna imágenes tradicionales con unos temas modernos, entre los que destaca la superación personal, el amor maternal y la necesidad de socializarse y educarse del pequeño Ogrocho. Lebeau acierta al construir a otros personajes que aunque no aparecen en escena tienen voz por medio de cartas, como sucede con el padre de Ogrocho y su profesora. *O Ogrocho* es una obra con muchos matices que sabe adaptar la cultura popular a los tiempos actuales, creando una estupenda fábula.

Solo queda felicitar al equipo que hace posible que la Revista Galega de Teatro continúe produciendo números en unos tiempos en los que pocas entidades están realmente comprometidas con el teatro y con la difusión de textos dramáticos y estudios sobre las artes escénicas. Deseamos que a la publicación dirigida por Antón Lamapereira le queden todavía muchos años de existencia y de igual entusiasmo y compromiso con el teatro gallego.

Javier RIVERO GRANDOSO

VV. AA., PASCUAL, Roberto. Ed. (2009): *25 anos. Mostra Internacional de Teatro Ribadavia*, Ourense, Difusora de letras, artes e ideas, 143 pp.

En 2009 celebrouse o XXV aniversario da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, que se conmemora con este libro. Por primeira vez non estivo presente nos actos programados o director dende 1984, Rubén García Fernández, falecido en 2008. Inaugurouse así unha nova etapa da man de Roberto Pascual, nunha 25.^a edición chea de mencións e lembranzas do desaparecido creador da MIT e membro da agrupación cultural ‘Abrente’, creada xa en 1969. Entre as compañías que actuaron en Ribadavia en varias edicións da Mostra destacan Teatro Corsario, La Cubana, Tanttaka Teatroa, Animalario, Teatro do Noroeste e Teatro en el Aire, entre outras. Varios membros destas formacións adican escritos á memoria das súas representacións programadas na MIT.

Neste volume recóllense tamén unha morea de fotografías, os carteis e programas de tódalas edicións da Mostra, así como recortes de prensa entre os que destaca este titular de La Región que data do 29 de agosto de 1984, no que un enérxico Rubén García declara: “Imos facer a Grande Festa do Teatro” (p. 35). Na entrevista que segue detalla as cantidades económicas que aporta cada entidade ata sumar o orzamento co que se levaría a cabo esa Primeira Mostra, que de aí en diante sempre dependeu do entusiasmo e as ganas dos organizadores, que tiveron que gañarse ese “carácter internacional ao que o seu nome fai referencia, algo que [...] debemos reprochar [...] á falta de apoio económico e vontade por parte das institucións e dos seus diferentes gobernos”, como expresa José Luis Chao Rey, Presidente do Centro de Estudos Medievais (pp. 15 e 16).

Xosé Luis Méndez Ferrín, como ourensán e coñecedor da vila (“Era eu moi meniño e xogaba no Castelo de

Ribadavia [...] imaxinando ser o Guerreiro do Antifaz. Seguramente de aí me vén a teima medievalista”, p. 49) escribe unhas verbas sobre a historia da Mostra, que recorda a través de diapositivas na memoria dende a súa orixe, nun tempo no que “unha nova cultura galega alzaba o seu facho de resistencia comunitaria en Ribadavia”. O consagrado actor Ernesto Chao, natural de Ribadavia e pregoeiro da MIT xunto con Rosa Álvarez en 2000, escribe unha emotiva carta chea de preguntas sen resposta a Rubén García, quen segundo Inma López Silva “foi o responsábel, a alma e o espírito activo que mantevo acesa a luz de Ribadavia durante todos estes anos” (p. 115).

Xesús Alonso Montero bota a vista atrás, baixo petición de Roberto Pascual, para lembra-las raíces do creador da mostra, fillo do importante historiador Rubén García Álvarez (1915-1980), ó que atribúe a paixón deste polo teatro:

Para entender a biografía do noso Rubén como “teatroferit”, cómpre ter en conta, tamén, a biblioteca de seu pai, un antifranquista ribadaviense que posuía libros editados “alén mar”, única maneira, naqueles días escuros, de acceder a certos autores e a certos títulos. Nesa biblioteca e no espírito liberal do pai, Rubén García Fernández foise facendo un cidadán crítico e un home de teatro. (p. 138)

O epílogo deste volume corre a cargo do propio Pascual, que se propón constituír un padroazgo da Mostra Internacional de Teatro, coa fin de aproveita-la dilatada traxectoria da mesma, proporcionándolle un amparo legal que garante unha xestión e planificación profesional, sen perde-lo compromiso co que nacera vinte e cinco anos atrás.

Bernardo PAJARES DURO